

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA D^a. María Ramallo Vázquez

SECRETARÍA XERAL
Expt: 2022 SE020-003

Vista a necesidade de actualizar e adaptar ao novo marco normativo a vixente Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Marín, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 15 de outubro de 2012 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 248, do venres 28 de decembro de 2012).

En exercicio das atribucións contidas no artigo 21.1 a) e b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO

Sustanciar o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015 para iniciar a aprobación da nova Ordenanza Municipal reguladora do servizo de axuda no fogar (SAF), a través da sede electrónica do Concello de Marín e durante o prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan expresar as súas opinións a través do Rexistro deste Concello acerca dos aspectos que figuran recollidos no Anexo I do presente acordo.

En Marín, na data do asinamento dixital

A Alcaldesa

María Ramallo Vázquez

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000AF26C00G8W5Q1B2M5A8 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA MARIA RAMALLO VAZQUEZ-ALCALDESA-PRESIDENTA - 04/03/2022 BLANCA ANA ROIG SANCHEZ-Secretaria Xeral - 04/03/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/03/2022 13:23:22	EXPEDIENTE : 2022SE020-003 Fecha: 03/03/2022 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL
--	--	--



ANEXO I.- CONSULTA PÚBLICA

<p>Antecedentes, marco legal e competencia na materia obxecto de regulación a través da Ordenanza:</p>	<p>O artigo 25.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) reconece como competencia municipal a «Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social». En municipios de máis de 20.000 habitantes, como é o caso de Marín, o artigo 26.1.c), establece esta competencia como servizo de prestación obrigatoria.</p> <p>O Pleno do Concello de Marín, en sesión ordinaria celebrada o día 15 de outubro de 2012, aprobou a Ordenanza Municipal reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Marín (BOP de Pontevedra núm. 248, do 28 de decembro de 2012).</p> <p>Con posterioridade, aprobouse a seguinte normativa de aplicación:</p> <p>O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.</p> <p>O Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, entre outros aspectos modifica a regulación co co-pagamento do servizo municipal de axuda no fogar en réxime de libre concorrencia.</p> <p>A Orde do 31 de maio de 2016 pola que se modifica o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia, modifica os criterios para o financiamento do servizo de axuda no fogar, recollidos no anexo III do Decreto 99/2012.</p>
<p>Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:</p>	<p>Garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias do servizo</p>
<p>Necesidade e oportunidade da súa aprobación:</p>	<p>A regulación do servizo en consonancia co novo marco normativo mediante a aprobación dunha nova ordenanza.</p>
<p>Obxectivos:</p>	<p>Aportar seguridade xurídica á regulación do servizo de axuda no fogar no Concello de Marín mediante a súa adaptación ás normas aprobadas con posterioridade á entrada en vigor da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar.</p>
<p>Posibles solucións e alternativas, regulatorias e non regulatorias:</p>	<p>A alternativa consistiría en non acometer ningún desenvolvemento regulamentario municipal, pero o establecemento dunha Ordenanza que concrete e desenvolva as os obxectivos citados resulta máis conveniente.</p>

2

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000AF26C00G8W5Q1B2M5A8 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">MARIA RAMALLO VAZQUEZ-ALCALDESA-PRESIDENTA - 04/03/2022 BLANCA ANA ROIG SÁNCHEZ-Secretaría Xeral - 04/03/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/03/2022 13:23:22</p>	<p>EXPEDIENTE : 2022SE020-003 Fecha: 03/03/2022 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	---

CSV: 07E6000AF26C00G8W5Q1B2M5A8



Así o dispón a señora Alcaldesa do que eu como Secretaria dou fe, en Marín na data da sinatura electrónica.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000AF26C00G8W5Q1B2M5A8 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA MARIA RAMALLO VAZQUEZ-ALCALDESA-PRESIDENTA - 04/03/2022 BLANCA ANA ROIG SÁNCHEZ-Secretaria Xeral - 04/03/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/03/2022 13:23:22	EXPEDIENTE : 2022SE020-003 Fecha: 03/03/2022 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL
--	--	--

